



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA ONCE DE FEBREIRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES/AS. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día once de febreiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta e un de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- -Instancia núm.. 201200000001792 de don José Rendo González.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 22/06/2012 acordou concederlle licenza para a consolidación de edificación no lugar de Reboredo (2012/008/000013) e dado que as obras se están a executar e que o tempo de seis meses concedido non resulta suficiente para o remate das mesmas, ao abeiro do artigo 19 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia e demais normativa de aplicación, solicita a concesión dunha prórroga de seis meses.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de seis meses dende o remate do primeiro prazo concedido.

3º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2013.

Dáse conta da comunicación núm. 2835/13 da Deputación Provincial sobre deficiencias nos proxectos das obras incluídas no POS 2013.

En función do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, delegando na Xunta de Goberno Local a aprobación do citado plan, a Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día quince de xaneiro do ano que andamos, e aprobar a realización das seguintes obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño	91.366,16	6.671,54	98.037,7
Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde	45.843,84	4.948,74	50.792,58
TOTAIS	137.210	11.620,28	148.830,28

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa:

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	58.700,00
---	-----------

C)Resumo:

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	137.210	11.620,28	148.830,28
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	58.700	108.440	167.140
TOTAL	195.910	120.060,28	315.970,28

2º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4º.- Solicitarlle á Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditando que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xaneiro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas e da proposta do tribunal cualificador ordénase a contratación para a praza de informática de dona Yolanda López Bouzón .

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xaneiro do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento do 2º trienio de dona Silvia Couto Rendo con efectos do 01/01/2013.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de xaneiro do ano que andamos, pola que con motivo da baixa de dona Sonia Mª. Carbia Cutrín e dado que non se dispón de persoal suficiente e con formación axeitada para a cobertura da baixa, ordénase a contratación de dona Paula Rodríguez Rendo tendo en conta que xa realizou prácticas no Concello de Vedra no ámbito de servizos sociais e atendendo ao seu nivel de estudos dende o 17/01/2013 ata fin de baixa de dona Sonia Carbia Cutrín.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xaneiro do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento do 4º trienio de don Rogelio Lareo Mougán.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do ano que andamos, pola que se lle comunica a don Juan J. Barreiro López que dispón dun prazo de 30 días para retirar e cortar as ramas que invaden o vial municipal, sito en Pedreira, da parroquia de San Andrés de Trobe.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do ano que andamos, pola que se ordena que se proceda ao arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto de don Luís Bouzón Peiteado en calidade de propietario da parcela sita en Sales -San Fins de Sales, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do ano que andamos, pola que se ordena que se proceda ao arquivo das actuacións practicadas no expediente tramitado con respecto a don Pablo Figueroa Dorrego en calidade de propietario da parcela sita en Paizás - Trobe, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma.

A Xunta de Goberno dáse por informada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do ano que andamos, pola que se ordena a dona Dolores Iglesias Gacio a execución das actuacións precisas para retirar a maleza que cubre a edificación existente sobre da parcela da súa propiedade sita en Cibrán -San Xián de Sales, de cara a manter a mesma en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e calidade ambiental, tal e como establece o artigo 9 da lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das trece horas e cincuenta minutos.